

CURRÍCULUM

TO

HMC

PRIMEIRO BACHARELATO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bloque de materias troncais

Historia do Mundo Contemporáneo

Introdución

O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliábel preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico. Ao tratar de analizar tales feitos, a historia enriquecese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos. Podemos incluír tamén a análise noutros idiomas, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.

Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do/da historiador/a, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións.

A través do estudo de Historia do Mundo Contemporáneo, os/as estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios de Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A

competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Historia do Mundo contemporáneo permite desenvolver metodoloxías activas nas que, como xa se citou, o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. O Antigo Réxime			
- a - b - c - d - e - h	B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	- HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. - HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. - HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. - HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	- CSC - CAA - CCL - CSC - CAA - CCL - CD - CSC - CAA - CCL - CCEC - CSC - CAA - CCL
- a - b - c - d - e - h	B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.	B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	- HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade. - HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.	- CSC - CAA - CCL - CSC - CAA - CCL
- a - b - c - d - e - h	B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.	B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	- HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. - HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.	- CSC - CCEC - CCL - CSC - CCEC - CCL
- a - b - c	B1.4. O pensamento da Ilustración.	B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.	HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	- CSC - CCEC - CCL

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ d ▪ e ▪ h			▪ HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h	▪ B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo.	▪ B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	▪ HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CD
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m ▪ n	▪ B1.6. Manifestacións artísticas do momento.	▪ B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.	▪ HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
	Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais			
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l	▪ B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos).	▪ B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.	▪ HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l	▪ B2.2. Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía.	▪ B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais	▪ HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.	- CSC - CAA - CCL
- a - b - c - d - e - g - h - m - p	B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. Industrialización extraeuropea. Industrialización española e galega.	B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.	HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.	- CSC - CAA - CD
			HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.	- CSC - CAA - CCL - CMCCT
			HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.	- CSC - CAA
- a - b - c - d - e - g - h - l	B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo concepto de cidade).	B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.	HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.	- CSC - CAA - CSIEE
			HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.	- CSC - CAA - CCL
			HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.	- CSC - CAA - CCL - CD
			HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	- CSC - CCL - CD

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h ■ m	■ B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises.	■ B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	■ HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.	■ CSC ■ CAA ■ CCL
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h ■ m	■ B2.6. Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros.	■ B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.	■ HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.	■ CSC ■ CAA ■ CCL
			■ HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.	■ CSC ■ CCL
Bloque 3. A crise do Antigo Réxime				
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h ■ i	■ B3.1. Crise do Antigo Réxime: visión global.	■ B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.	■ HMCB3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.	■ CSC ■ CAA ■ CMCCT
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B3.2. Nacemento dos EEUU.	■ B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.	■ HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.	■ CSC ■ CCL ■ CAA

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais.	▪ B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.	▪ HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.	▪ CSC ▪ CCL
			▪ HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h	▪ B3.4. Imperio Napoleónico.	▪ B3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias.	▪ HMCB3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CD
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B3.5. O Congreso de Viena e o Absolutismo.	▪ B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.	▪ HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónas coas súas consecuencias.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ p	▪ B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español.	▪ B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.	▪ HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.	▪ CSC ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h	▪ B3.7. O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña.	▪ B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.	▪ HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CD

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m ▪ n	▪ B3.8. Cultura e Arte: Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo.	▪ B3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.	▪ HMCB3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B3.9. Independencia das colonias hispano-americanas.	▪ B3.9. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica.	▪ HMCB3.9.1. Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial				
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B4.1. Tránsito do século XIX ao XX: visión global.	▪ B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores.	▪ HMCB4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.	▪ CSC ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B4.2. Evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana; o Imperio Austrohúngaro; Rusia; os Estados Unidos (da Guerra Civil ata comezos do século XX) e Xapón (transformacións de finais do século XIX).	▪ B4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.	▪ HMCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
			▪ HMCB4.2.2. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD
			▪ HMCB4.2.3. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			■ HMCB4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.	■ CSC ■ CAA ■ CCL
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B4.3. Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias.	■ B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.	■ HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.	■ CSC ■ CAA ■ CCL
			■ HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.	■ CSC ■ CD ■ CAA
			■ HMCB4.3.3. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	■ CSC ■ CAA ■ CCL
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B4.4. Relacións internacionais. Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente.	■ B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada.	■ HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	■ CSC ■ CCL
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ g ■ h	■ B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias.	■ B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.	■ HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.	■ CSC ■ CAA ■ CCL
			■ HMCB4.5.2. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.	■ CSC ■ CCL
			■ HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.	■ CSC ■ CAA ■ CCL ■ CD
			■ HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.	■ CSC ■ CAA ■ CCL

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias			
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.1. Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte.	▪ B5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.	▪ HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.	▪ CSC ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.2. Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS.	▪ B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.	▪ HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.	▪ CSC ▪ CCL
			▪ HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.3. Tratados de Paz e reaxuste internacional: Sociedade de Nacións.	▪ B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.	▪ HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
			▪ HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.4. Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal".	▪ B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá.	▪ HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD
			▪ HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.5. Fascismos europeos e nazismo alemán.	▪ B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	▪ HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.	▪ CSC ▪ CCL

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
m			HMCB5.5.2. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.	CSC
- a - b - c - d - e - h	B5.6. Relacións internacionais do período de entreguerras; viraxes cara á guerra.	B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.	HMCB5.5.3. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.	- CSC - CAA - CCL
- a - b - c - d - e - h	B5.7. II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais.	B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.	HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.	- CSC - CAA - CCL
- a - b - c - d - e - h	B5.8. Desenvolvemento da II Guerra Mundial.	B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.	HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.	- CSC - CAA - CCL
			HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.	- CSC - CAA - CCL
- a - b - c - d - e - h	B5.9. Consecuencias da II Guerra Mundial.	B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.	HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.	- CSC - CAA - CCL
- a - b - c - d - e - h	B5.10. Antisemitismo: o Holocausto.	B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	HMCB5.10.1. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.	- CSC - CAA - CD

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
m			HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	- CSC - CAA - CCL
- a - b - c - d - e - h	B5.11. Preparación da Paz e a ONU.	B5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.	HMCB5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.	- CSC - CCL - CAA
	Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos			
- a - b - c - d - e - h	B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría.	B6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente.	HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.	- CSC - CD
- a - b - c - d - e - h	B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á coexistencia pacífica e a distensión.	B6.2. Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.	HMCB6.2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.	- CSC - CAA - CCL - CD
- a - b - c - d - e - h	B6.3. Evolución da economía mundial de posguerra.	B6.3. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época.	HMCB6.3.1. Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista.	CSC
			HMCB6.3.2. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.	- CSC - CAA - CCL - CD - CMCCT

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo.	■ B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos.	■ HMCB6.4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. ■ HMCB6.4.2. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos. ■ HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista. ■ HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.	■ CSC ■ CCL ■ CMCCT ■ CSC ■ CCL ■ CMCCT ■ CSC ■ CAA ■ CCL ■ CSC ■ CCL
	Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo			
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B7.1. Orixes, causas e factores da descolonización.	■ B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso.	■ HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.	■ CSC ■ CCL ■ CD
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B7.2. Etapas e modelos de descolonización.	■ B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso.	■ HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización. ■ HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.	■ CSC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCL
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B7.3. Desenvolvemento do proceso descolonizador: papel da ONU.	■ B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións.	■ HMCB7.3.1. Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas.	■ CSC ■ CCL

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo.	▪ B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.	▪ HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT
			▪ HMCB7.4.2. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo.	▪ CSC ▪ CD
			▪ HMCB7.4.3. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos.	▪ CSC ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional.	▪ B7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.	▪ HMCB7.5.1. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
Bloque 8. A crise do bloque comunista				
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i	▪ B8.1. A URSS e as democracias populares.	▪ B8.1. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.	▪ HMCB8.1.1. Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín.	▪ CSC ▪ CD
			▪ HMCB8.1.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas.	▪ CSC ▪ CMCCT
			▪ HMCB8.1.3. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B8.2. Irrupción de M. Gorbachov: Perestroika e Glasnost.	▪ B8.2. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias.	▪ HMCB8.2.1. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.	▪ CSC ▪ CCL

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h ■ i	■ B8.3. Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas exsoviéticas.	■ B8.3. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas.	■ HMCB8.3.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI-Federación Rusa.	■ CSC ■ CAA ■ CMCCT
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B8.4. Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental.	■ B8.4. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental.	■ HMCB8.4.1. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.	■ CSC ■ CCL
			■ HMCB8.4.2. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental.	■ CSC ■ CCL
			■ HMCB8.4.3. Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista.	■ CSC ■ CAA ■ CCL
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h	■ B8.5. Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia.	■ B8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.	■ HMCB8.5.1. Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa central e oriental tras a caída do muro de Berlín.	■ CSC ■ CCL
			■ HMCB8.5.2. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia	■ CSC ■ CCL
	Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX			
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ h ■ m	■ B9.1. Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX.	■ B9.1. Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos.	■ HMCB9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX.	■ CSC ■ CCL
			■ HMCB9.1.2. Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet	■ CSC ■ CAA ■ CCL

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B9.2. Estado do benestar.	▪ B9.2. Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá.	▪ HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.	▪ CSC ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B9.3. Proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión.	▪ B9.3. Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución.	▪ HMCB9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B9.4. Obxectivos e institucións da Unión Europea.	▪ B9.4. Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura.	▪ HMCB9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.	▪ CSC ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B9.5. Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90.	▪ B9.5. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinarios do Estado do benestar.	▪ HMCB9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪
			▪ HMCB9.5.2. Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000.	▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B9.6. Xapón e os novos países asiáticos industrializados.	▪ B9.6. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural.	▪ HMCB9.6.1. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica			
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ m	▪ B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. Atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado.	▪ B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.	▪ HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
			▪ HMCB10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CSIEE
			▪ HMCB10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B10.2. A ameaza terrorista nun mundo globalizado.	▪ B10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características.	▪ HMCB10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (ciudadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B10.3. Europa: reto e unión.	▪ B10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas.	▪ HMCB10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
			▪ HMCB10.3.2. Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m ▪ n	▪ B10.4. Trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11 de setembro de 2001.	▪ B10.4. Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país.	▪ HMCB10.4.1. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ n	▪ B10.5. Hispanoamérica: situación actual.	▪ B10.5. Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica.	▪ HMCB10.5.1. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B10.6. O mundo islámico na actualidade.	▪ B10.6. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.	▪ HMCB10.6.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B10.7. África islámica, subsahariana e Sudáfrica.	▪ B10.7. Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas.	▪ HMCB10.7.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
▪ a ▪ b ▪ c	▪ B10.8. A India e China do século XX ao XXI: evolución política, económica, social e de mentalidades.	▪ B10.8. Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades	▪ HMCB10.8.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ d ▪ e ▪ h			▪ HMCB10.8.2. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
	Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.			
▪ h ▪ l ▪ m	▪ B11.1. Tempo histórico.	▪ B11.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ i	▪ B11.2. Fontes históricas.	▪ B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade.	▪ HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.	▪ CSC ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL
▪ e ▪ h ▪ i ▪ n	▪ B11.3. Vocabulario histórico e artístico da Idade Contemporánea.	▪ B11.3. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	▪ HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	▪ CSC ▪ CCL